



Actividades previstas
HIXIENE DAS MANS
Servizo galego de saúde
5 de maio 2023



Índice

INTRODUCCIÓN.....	3
CONSELLERÍA DE SANIDADE/SERVIZO GALEGO DE SAÚDE.....	3
ÁREAS SANITARIAS.....	4
1. ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE.....	4
2. ÁREA SANITARIA DE FERROL.....	5
3. ÁREA SANITARIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E BARBANZA.....	7
4. ÁREA SANITARIA DE LUGO, A MARIÑA E MONFORTE DE LEMOS.....	9
Hospital Universitario Lucus Augusti.....	9
Hospital Público da Mariña.....	10
Hospital Público de Monforte.....	12
5. ÁREA SANITARIA DE OURENSE, VERÍN E O BARCO DE VALDEORRAS.....	13
6. ÁREA SANITARIA DE PONTEVEDRA E O SALNÉS.....	18
MATERIAL SOBRE PREVENCIÓN DÁS IRAS EN INTRANET.....	18
7. ÁREA SANITARIA DE VIGO.....	19
8. HOSPITAL RIBERA POVISA.....	20



INTRODUCCIÓN

Este ano o lema da campaña é "Aceleramos a acción entre tod@s".

A Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde súmanse á conmemoración da Xornada Mundial de Hixiene das Mans, que se celebrará, como todos os anos, o 5 de maio.

A OMS invita tanto ao persoal sanitario coma as persoas que accedan aos centros sanitarios a unirse e garantir que a hixiene de mans se realice como medida prioritaria, para a redución das infeccións asociadas á asistencia sanitaria (IRAS) e a diseminación de microorganismos multirresistentes, por ser a medida máis custo-efectiva para a súa prevención. Isto require o compromiso e a implicación dos profesionais de todos os ámbitos asistenciais na integración da hixiene de mans e do uso correcto das luvas na practica clínica do día a día.

CONSELLERÍA DE SANIDADE/SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Publícase na intranet e na web da Consellería de Sanidade, información sobre a Xornada Mundial de Hixiene das Mans 2023, tanto dirixida a profesionais sanitarios como á poboación, e os recursos dispoñibles para ser utilizados polos centros (Servizo Galego de Saúde, Ministerio de Sanidade, Organización Mundial da Saúde, Centro para o Control e Prevención de Enfermidades dos Estados Unidos (CDC), á que se pode acceder a través do seguinte enlace:

<https://www.sergas.gal/Asistencia-sanitaria/5-de-Maio-2023>

Incluirase tamén no carrusel da páxina principal da web, unha imaxe da conmemoración deste día, ademais de incorporalo no apartado de Novidades. Na intranet, aparecerá no apartado de destacados.

Publicarase na portada principal de Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento (ACIS), información destacada sobre a conmemoración deste día, así como o recordatorio do curso online de autoformación "Hixiene das mans" dispoñible na súa plataforma de formación.



O Director Xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde enviaralles un correo electrónico a todos os profesionais do Servizo Galego de Saúde o día 5 de maio, para lembrarllas a importancia de realizar unha correcta hixiene de mans nos 5 momentos adecuados, que recolle a estratexia da OMS.

Facilitarase o acceso á información sobre hixiene de mans a través da Escola Galega de Saúde para Cidadáns, de é-Saúde e no portal de Xente con Vida.

ÁREAS SANITARIAS

1. ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE

- Sesións formativas en diferentes unidades hospitalarias, auditadas durante os meses anteriores, mediante sesións.
- Elaboración de carteleira con resultados das auditorías, para a súa colocación en lugares comúns para a unidade con resumo de resultados.
- Póster de elaboración propia. Farase fincapé en HM durante diferentes técnica asépticas: - SONDAXE URINARIO – INTUBACIÓN ENDOTRAQUEAL - FERIDA CIRÚRXICA - CATÉTER VENOSO PERIFÉRICO - CATÉTER VENOSO CENTRAL
- Mesas informativas en 3 centros. Incorporando o uso da lámpada ultravioleta para revisar a técnica. Para a mesa do hospital Materno Infantil Teresa Herrera buscase algún xogo ou procedemento que gamifique a HM para achegala aos máis pequenos. Entregaremos merchandising de elaboración propia para entregar nas mesas, queda pendente confirmar o número de impresións.
- Lanzamento do Premio á Innovación en Hixiene de Mans para a mellor estratexia de mellora proposta por un servizo clínico.
- “Auditorías de HM fast-track” para alumnos de enfermería durante a súa rotación, centradas nunha aspecto de HM e durante o seu actividade rutineira.
- Campañas en prensa e redes sociais.



2. ÁREA SANITARIA DE FERROL

As actividades que se van desenvolver son:

- Promover a participación dos nenos hospitalizados con debuxos a propósito da hixiene de mans. Estes debuxos publicaranse na intranet durante a semana do 5 ao 12 de maio (Responsable: Subdirección de Humanización, Calidade e Atención á Cidadanía, Supervisoras de pediatría, Aula hospitalaria, Medicina Preventiva/Esterilización, Unidade de Calidade).
- A enfermeira do Servizo de Medicina Preventiva e a Supervisora de Esterilización e Medicina Preventiva realizarán demostracións nas diferentes unidades/servizos do hospital con solución marcador e lámpada de luz negra (Responsables: Medicina Preventiva /Esterilización).
- A enfermeira do Servizo de Medicina Preventiva e a Supervisora de Esterilización e Medicina Preventiva colocarán no hall do hospital mesas informativas e demostrativas de técnica de hixiene de mans con cámara e reparto de petacas de solución alcohólica. (Responsable: Supervisora de Esterilización e Medicina Preventiva).
- Desde o día 5 ata o 12 de maio todos os fondos de pantalla dos ordenadores conterán un cartel sobre a hixiene de mans e os cinco momentos da mesma (Responsable: Núcleo de Seguridade de Pacientes. Unidade Calidade. Medicina Preventiva /Esterilización).
- Na sesión clínica que se realizará no salón de actos do Hospital Arquitecto Marcide exhibirase un vídeo de difusión da xornada conmemorativa do 5 de maio 2023 (Responsable: Núcleo de Seguridade de Pacientes. Unidade Calidade).
- Promover a participación dos profesionais a través da Asociación ADECASFE para a realización de fotografías relacionadas co lema do Día Mundial da Hixiene de Mans. (Responsable: Subdirección de Humanización, Calidade e Atención á Cidadanía. Unidade de Calidade. Biblioteca).
- Facilitar acceso desde a intranet a enlaces de vídeos demostrativos dunha correcta técnica de lavado de mans e utilización de solución hidroalcohólica. (Responsable: Unidade Calidade).



- Realizarase un mailing á totalidade de persoal da Área Sanitaria de Ferrol seguindo como modelo a carta institucional da Consellería de Sanidade e as directrices da OMS. (Responsable: Atención á Cidadanía).
- Os días 4 e 5 de maio, en todas as pantallas de QUENDAS da ASF (consultas Marcide, Centros de Saúde (Fontenla M, Narón e Fene), Cita Previa e HDD) promoverase a hixiene de mans, a fin de que todas as persoas poidan participar na campaña (Responsables: Subdirección de Humanización, Calidade e Atención á Cidadanía. Subdirección de Sistemas e Tecnoloxías da Información).
- Realizarase un mailing á totalidade dos centros sociosanitarios do ámbito territorial da ASF, con recomendacións e enlaces a recursos sobre a técnica para unha correcta hixiene de mans en atención á situación actual de pandemia por coronavirus. (Responsables: Subdirección de Humanización, Calidade e Atención á Cidadanía).
- Realizarase un mailing á totalidade das asociacións de pacientes da ASF, con recomendacións e enlaces a recursos sobre a técnica para unha correcta hixiene de mans en atención á situación actual de pandemia por coronavirus. (Responsables: Subdirección de Humanización, Calidade e Atención á Cidadanía).
- Saída a medios de comunicación para promoción poboacional da importancia da Hixiene de mans (Responsables: Gabinete de Comunicación).



3. ÁREA SANITARIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E BARBANZA

As actividades que se están a organizar na nosa Área en relación coa celebración do Día Mundial da Hixiene de Mans (HM), 5 de maio, teñen un carácter transversal, e inclúen todos os hospitais, e os principais centros de saúde da área.

- Elaboración de programa e remisión a Subdirección Xeral de Atención Hospitalaria do SERGAS.
- Publicitación do programa co compromiso e colaboración entre os Servizos de Medicina Preventiva, Microbioloxía, Calidade e o Gabinete de Prensa da área.
- Solicitouse a colaboración da Subdirección de Informática para facer accesible o programa e o cartel de Hixiene de mans de 2023 desde a Intranet da área, nun lugar destacado da páxina principal (como banner).
- Proxección de vídeos sobre a HM nas pantallas das entradas principais dos hospitais da área, salas de espera de pacientes e hospitais de día.
- Correo aos profesionais sanitarios coa información da xornada e a ligazón ao Curso de Hixiene de Mans na Atención Sanitaria 2023, (código:2311102) na Plataforma ACIS:
<https://extranet.sergas.es/feweb/FEWEB/DetalleActividade.aspx?CodCurso=C8CB673627470A59762CE73D728EC7A6>
- Aproveitase a conmemoración del Día Mundial da HM para insistir á súa vez no uso adecuado de luvas, actividades estreitamente ligadas.
- Remítese no correo aos profesionais a Guía uso adecuado de guantes, recentemente actualizada.
- Sesións exprés duns 10' de duración no lugar de traballo (sesión-café) sobre hixiene de mans e uso adecuado de luvas nas unidades de hospitalización dos hospitais.





- Habilitaranse nas entradas principais de todos os hospitais, e nalgúns centros de saúde da área mesas informativas con folletos, debuxos, petacas de solución alcohólica e outros artigos de promoción da Hixiene de Mans.
- Ofreceráse ás persoas que o desexen, por parte do persoal das mesas, a posibilidade de cotexar o resultado da súa práctica de HM mediante unha lámpada UV de demostración, comparando o antes e o despois. No momento de elaboración desta proposta dispoñemos de dúas lámpadas, e esperamos poder contar con tres para o día 5 de maio.
- Está prevista reunión cos xefes e coordinadores de Servizo de Atención Primaria para a planificación das actividades conmemorativas do día nos centros de Saúde da área.
- Farase unha recollida de impronta de mans das distintas categorías profesionais en dúas das unidades de críticos da área, con lectura posterior. Esta actividade será levada a cabo coa colaboración do Servizo de Microbioloxía.
- Nas Garderías para fillos e fillas do persoal sanitario dos hospitais Clínico e do Barbanza faranse diversas actividades lúdicas e musicais relacionadas co día.
- Unha representación do equipo directivo desprazarase ao Aula hospitalaria do Hospital Clínico de Santiago, onde se levarán a cabo cos nenos diferentes actividades relacionadas co día.



4. ÁREA SANITARIA DE LUGO, A MARIÑA E MONFORTE DE LEMOS

Hospital Universitario Lucus Augusti

Dende o hospital universitario Lucus Augusti as actividades a levar a cabo co motivo da celebración do día mundial da hixiene de mans serán as seguintes:

Actividades xerais:

- Colocación de cartelería tanto da Consellería de Sanidade como do Ministerio e da OMS.
- Proxección do video Hixiene de mans OMS 2023 nas pantallas das salas de espera.
- Banner á apertura da intranet do hospital.
- Impresión de pegadas de mans con pintura lavable e sinaturas de trabadores, pacientes e/ou acompañantes, en soportes colocados a tal fin no hall principal do hospital.
- Reparto de mostras de solución hidroalcolhólica e folletos informativos. Mesa informativa con persoal experto en hixiene de mans do servizo de medicina preventiva.

Actividades en plantas de hospitalización:

- Test "in situ" da hixiene de mans do persoal en 2 unidades de hospitalización con lámpara UV.
- Sesión formativa recordatorio sobre conceptos básicos en hixiene de mans co apoio, se é posible, do referente de hixiene de mans da planta elixida.

Actividades con alumnos de enfermería y medicina:

- Envío de información ao servizo de docencia e a escola de enfermería para que, reforcen nesa semana a formación en hixiene de mans, buscando así que os alumnos se convirtan en embaixadores da correcta hixiene de mans.

Difusión:

- Pediremos colaboración ao servizo de humanización para dar publicidade as actividades a través de redes sociais e impresión de carteis.



Hospital Público da Mariña

1. Actividades generales

- Envío de correo electrónico a los usuarios del hospital con texto breve de la importancia de la HM y comunicación de la agenda de actividades.
- Colocación de cartelería en el hospital: se colocarán los carteles propios remitidos desde servicios centrales así como cartelería propia de años previos.
- Anuncio en la intranet de mensajes sobre el día 5 de mayo.
- Durante todo el mes de mayo/semana del 5, se expondrán mensajes en las pantallas de las salas de espera de consultas externas (dirigidos a pacientes y personal sanitario).
- El 5 de mayo estarán expuestas varias mesas en hall durante toda la mañana, en las que el personal de M. Preventiva y de Calidad realizarán diferentes actividades: entrega de material, explicación de la importancia de la higiene de manos, actividades lúdicas (pintura en guantes, vídeos...)

2. Actividades en planta

- Actividad de simulación: a lo largo de la semana, se utilizará una habitación libre de la planta en la que se hará simulación. Grupos mixtos de trabajadores se acercarán durante 15 minutos, y deberán realizar las actividades típicas de la planta. Se observará la higiene de manos que realizan, indicando actividades bien y mal hechas con diferentes sonidos.
- Auditoría para comprobar funcionamiento adecuado de dispositivos de dispensación de producto de base alcohólica (PBA). A diferencia de las auditorías realizadas de forma habitual el resto del año, en este caso se dará un premio a la mejor planta.
- Auditoría para comprobar uso incorrecto de guantes, joyas... A diferencia de las auditorías realizadas de forma habitual el resto del año, en este caso se dará un premio a la mejor planta.



3. Actividades en consulta

- Actividad de simulación: se realizará en una consultas.

4. Otras actividades específicas

- Sesión formativa para grupos con menor adherencia a HM: celadores...

5. Difusión

- Se dará difusión de las actividades a través de redes sociales. Esta difusión nos permitirá llegar a la población general, y transmitirles la importancia en sobre la HM.



Hospital Público de Monforte

Actividades propostas o 5 de maio para celebrar "O día Mundial da Hixiene de Mans":

- Difusión da Campaña na Intranet do Hospital: Salvapantallas co lema deste ano "Aceleramos a acción entre [todos](#)".
- Difusión a través de correo electrónico a todos os traballadores do hospital de información de interese sobre a hixiene de mans:
 - Enlaces aos protocolos de Hixiene de Mans e uso adecuado de guantes.
 - Enlace a Curso de Hixiene de Mans.
- Reparto de cartelaría polos distintos servizos do hospital e os accesos principais.
- Distribución de solucións de base alcohólica formato peto aos traballadores.
- Distribución a usuarios do hospital do díptico "Salvar vidas está nas túas mans".
- Auditoría dos produtos de HM nos puntos de atención a pacientes.



5. ÁREA SANITARIA DE OURENSE, VERÍN E O BARCO DE VALDEORRAS

XUSTIFICACIÓN

O 5 de maio celebrárase como todos os anos o día mundial da hixiene de mans. En conmemoración deste día, levaremos a cabo desde o mes de abril distintas actividades e estratexias de difusión e sensibilización para que os profesionais non baixen a garda na súa adherencia á medida, xa que é a medida máis custo-efectiva para previr as infeccións relacionadas coa asistencia sanitaria.

OBXECTIVO

Manter e/o mellorar os datos de adherencia ás recomendacións de hixiene de mans na Área Sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras.

ÁMBITO DE APLICACIÓN

Área Sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras

PROPOSTA DE ACTIVIDADES

Actividades xerais para toda a Área

Estanse a levar a cabo actividades comúns para os todos os centros de saúde e para os tres hospitais da nosa área. Ditas actividades son:

a) Mensaxes sorprendentes

Segundo os propios criterios da OMS, crear mensaxes de lavado de mans que sorprendan pode funcionar para recordar as recomendacións sobre a correcta hixiene de mans. Seguindo estes criterios queremos elaborar fondos de pantalla e cartelaría para os nosos centros con mensaxes atractivas.

Se as mensaxes permanecen igual, comezarán a pasar inadvertidos e é posible que xa non desencadeen o efecto que se persigue. A intención é cambiar a mensaxe con frecuencia para captar a atención das persoas unha e outra vez. A imaxe 1 e 2 mostra exemplos de mensaxes sorprendentes.



Imaxe 1.



Imaxe 2.



b) Muro de recoñecementos

Recompensar ás persoas cando fan o correcto incrementa as probabilidades de animalas a que o fagan novamente e pode levar a formar hábitos duradeiros. Nunha contorna onde as redes sociais son comúns, compartir fotos de persoas que se lavan as mans con xabón e eloxialas por facer o correcto motivaraas. A nosa idea é compartir nas nosas redes sociais fotografías de hixiene de mans e mans correctas dos nosos profesionais, para recoñecer o seu bo facer. Outra opción a valorar sería a elaboración dun mural en cada centro, onde se mostren imaxes do seu persoal realizando unha adecuada hixiene con mans correctas.

2. Actividades específicas para a atención hospitalaria

Nos tres hospitais da nosa Área (Hospital Universitario de Ourense, Hospital Público de Verín e Hospital Público do Barco de Valdeorras), levaranse a cabo de maneira conxunta as seguintes actividades:

a) Roldas de seguridade

As Roldas de Seguridade son unha práctica recomendada para incrementar a seguridade do paciente, e permítenos coñecer a adherencia ás boas prácticas. Dende o mediados de mes de marzo estamos a realizar ditas roldas polas distintas unidades de hospitalización dos tres hospitais da nosa área. Nelas facemos observacións da adherencia as recomendacións dos distintos profesionais. Tras cada rolda, xuntamos o responsable da unidade e o persoal para realizar unha retroalimentación dos datos observados e recollidos, e analizando os erros cometidos. Esa é unha maneira áxil de concienciación e aprendizaxe.

b) Premio “Mans de ouro”

A correcta hixiene de mans de profesionais sanitarios é unha estratexia crave para frear tamén a diseminación de bacterias resistentes aos antibióticos.

Queremos agradecer as boas prácticas dos profesionais da nosa Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, para iso, e para conmemorar o día Internacional de hixiene de mans, outorgaremos un premio á unidade de hospitalización (unha unidade por cada hospital) con mellores resultados obtidos nas roldas de seguridade levadas a cabo polo grupo de Hixiene de Mans. O premio leva como nome “Mans de ouro”, e consistirá na entrega dun diploma e na difusión do premio nas redes sociais, ademais dun detalle especial.



c) O momento crítico: antes do paciente

Dentro dos cinco momentos definidos pola OMS para realizar unha hixiene de mans, o momento no que peores resultados de adherencia se obtén é "Antes do paciente". Tras un análise preliminar dos datos das roldas de seguridade, e ver onde se producen con máis frecuencia os erros, elaboramos unha sinxela infografía (imaxe 3) con recomendacións, coa intención de distribuílas polas distintas unidades e colocalas en sitios estratéxicos (por exemplo o lado dos teclados do ordenador).



Imaxe 3.



d) Dinámica visual: Mans con brillo

Para conmemorar o día da hixiene de mans propoñemos unha sinxela dinámica. As persoas a miúdo lávanse as mans só con auga, pero só o lavado minucioso con xabón fará que queden realmente limpas. Faremos varias actividades divertidas para mostrar o poder do xabón. Só necesítanse materiais simples como purpurina, vaselina e auga.

A poboación diana serán os nenos de pediatría e o profesional da unidade aos que lles indicaremos, en sesións previas, a importancia dunha boa hixiene de mans para posteriormente desenvolver a actividade exposta.

Entre outras, os nenos utilizarán a purpurina e vaselina para aprender o significado da cadea epidemiolóxica e as consecuencias de non lavarse ou lavarse incorrectamente as mans. Posteriormente faremos un mural co sinal das súas mans.

Neste vídeo pódese ver un exemplo da dinámica proposta:

<https://vimeo.com/402946586>



6 ÁREA SANITARIA DE PONTEVEDRA E O SALNÉS

MATERIAL SOBRE PREVENCIÓN DÁS IRAS EN INTRANET

- Colgarase no portal da intranet “pílulas informativas sobre a prevención das IRAS “ unha semana antes do 5 de maio de 2023.

MESAS INFORMATIVAS

No Hospital Montecelo, Hospital Provincial , Hospital do Salnés e nos Centros de Salud o 5 de maio:

- Mesas informativas con material divulgativo, coa participación de alumnos de Enfermería.
- En la mesa informativa , se colocará un mural a modo de “photocall”, elaborado y diseñado por nuestra enfermeras para que nuestros profesionales y eventualmente paciente o visitante puedan fotografiarse, implicarse y concienciarse con ello. Con las imágenes se elaborará un collage y difundir una galeria e fotos.
- Distribución de petacas con solución hidroalcohólica.
- TRÍPTICOS INFORMATIVOS ACTUALIZADO PARA PROFESIONAIS E CIUDADÁNS
- Carteles de difusión na Área Sanitaria e Póster do Ministerio (3/05/2023)

RECORDATORIO GRÁFICO INTRANET

- Medicina Preventiva elaborará un vídeo para o 5 de maio , que colgarase na pantalla de inicio da Intranet.

DEMOSTRACIÓN O DÍA 5 DE MANS CON LÁMPARAS DE LUZ ULTRAVIOLETA POLAS UNIDADES. INSERCIÓN DE VIDEOS PARA A CIUDADANÍA

Veráanse nos televisores do Complexo Hospitalario e pantalla de turno dos Centros de Atención Primaria o vídeo de higiene das mans do Ministerio de Sanidad.

A PARTIR DEL DÍA 2/05/2023.

RECONOCIMIENTO AOS SERVIZOS CON MELLORES DATOS DE HIXIENE DAS MANS CON UNHA FOTO VISUALIZADA NO PORTAL DA INTRANET



7 ÁREA SANITARIA DE VIGO

Actividades levadas a cabo:

Co propósito de transmitir unha mensaxe de cara a cambiar un comportamento, utilizamos a gamificación coma estratexia de aprendizaxe, a través dunha experiencia lúdica que propicie a motivación. Sortease un premio entre os acertantes. **II CONCURSO: DÍA MUNDIAL DA HIXIENE DE MANS.**

Envío dun correo electrónico sobre a importancia da hixiene de mans dirixido a todos os profesionais da Área sanitaria, lembrando a campaña coa mensaxe deste ano.

Difusión durante a semana da campaña, a través dos PC da Área Sanitaria de boas prácticas relacionadas coa hixiene de mans e o uso correcto dos guantes.

Colocación de tres mesas informativas no Hospital Meixoeiro, H. Álvaro Cunqueiro e Centros de saúde Rosalía de Castro e Beiramar, coa participación das enfermeiras do Servizo de Preventiva e a colaboración da Escola Universitaria de Enfermaría.

Colocación de **carteis da campaña 2023** en formato póster nas entradas principal e de consultas externas do hospital Meixoeiro, na entrada de consultas externas e cafetería de persoal do H. Álvaro Cunqueiro e na entrada dos centros de saúde.

Nota de prensa: A Área Sanitaria de Vigo súmase á celebración da Xornada Mundial de Hixiene de Mans, que lidera a Organización Mundial da Saúde. Publicacións en prensa local coas fotos do día.

Vídeo formato TikTok e fotos do equipo multidisciplinar do SAP A Cañiza.

Difusión de cartelaría deseñada por AP

Demostración do alumnado da escola de enfermaría da técnica correcta de hixiene de mans a profesionais, pacientes e familiares. Realizaranse de forma simultánea en todas as unidades de hospitalización dos hospitais Meixoeiro e Álvaro Cunqueiro ás 12 horas.



Proxecto Escola Enfermería: coma o ano pasado o vídeo da Escola Universitaria de Enfermería, dirixido as escolas infantís coa canción: "**o barquiño pequeniño**" adaptado a hixiene de mans, foi difundido nos centros educativos para ensinar aos máis pequenos un correcto lavado de mans. Coa participación de alumnos e profesores.

Achegas unidades

Difusión en redes sociais e na intranet corporativa das fotografías e vídeos realizados con motivo do día mundial da hixiene de mans.

8. HOSPITAL RIBERA POVISA

As actividades a realizar no Hospital POVISA para o día Mundial do Lavado de Mans do presente ano 2023, centraranse exclusivamente en prevención e formación:

1. Sesión xeral para o persoal de saúde. O obxectivo da sesión é principalmente a actualización e estimulación ao lavado de mans, tanto durante a actividade laboral como fóra dela.

2. Uso de ferramenta audiovisual informática.

- a. Uso de salvapantallas.
- b. Vídeo de hixiene de mans:
 - i. Comunicado interno
 - ii. Redes sociais
 - iii. Boletín informativo corporativo desde o 2 de maio

3. Promoción de lavado de mans. Por medio do persoal sanitario aos pacientes e visitantes, utilizando o material divulgativo propio de áreas comúns.

- a. Manteis promocionais en cafetería
- b. Imaxes en monitores xerais de corredores e salas de espera
- c. Pegado de carteis
- d. Colado de adhesivos informativos en dispensadores automáticos.